



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 243
27 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-fe4hrYPa-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

■ Resolución da Presidencia, do 27 de agosto de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente no que solicitan a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para a convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 (doc. 32027) [105927](#)

2.4.3. Convocatorias

■ Convocatoria da Deputación Permanente (29 de agosto de 2025, ás 12.30 horas) [105925](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 240, fascículo 2, do 22 de agosto [105926](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

Resolución da Presidencia, do 27 de agosto de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente no que solicitan a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para a convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 (doc. 32027)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 32027, o escrito das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente no que solicitan a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para a convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 (doc. 32027).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3, do 26 de marzo de 2024), resolve:

- 1º. Cualificar e admitir a trámite o escrito núm. 32027 polo procedemento de urxencia.
- 2º. Trasladar este acordo á Mesa do Parlamento, Deputación Permanente, aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.
- 3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (29 de agosto de 2025, ás 12.30 horas)

A Presidencia, á vista da solicitude formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 32027, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 29 de agosto de 2025, ás 12.30 horas, coa seguinte orde do día:

Punto único.Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente



- Escrito das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente no que solicitan a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para a convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 (doc. 32027, 12/SCDP-000002)

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 240, fascículo 2, do 22 de agosto

Advertido un erro material no devandito boletín, procédese á súa corrección nos seguintes termos: Nas páxinas 104506 a 104515, na cabeceira de cada unha das páxinas, onde di: «XII lexislatura. Número 4. 3 de abril de 2025» debe dicir: «XII lexislatura. Número 240. 22 de agosto de 2025».

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/08/2025 11:13:44

Nº Rexistro: 32027

Data envío: 22/08/2025 11:13:44.034

Asinado o día 22/08/2025
11:12
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** e membros da Deputación Permanente do Parlamento de Galiza, ao abeiro do disposto nos artigos 56.4, 67.2 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan que se proceda á **convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente**, coa seguinte orde do día:

*-Convocatoria dun **pleno extraordinario** monográfico sobre a vaga de lumes que contemple na orde do día a **comparecencia do presidente da Xunta de Galiza** para, no marco da situación catastrófica derivada da vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 e que afectan a numerosas comarcas do país, dar conta da actuación do Goberno galego en canto ás políticas de prevención e ao funcionamento do dispositivo de extinción dos lumes, así como das medidas que vai adoptar o para dar resposta ás consecuencias do desta grave crise económica, social, ambiental e humana (doc. núm. 32026).*

Asinado o día 22/08/2025 ás
11:11
Por Olalla Rodil Fernández

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2025

Asinado o día 22/08/2025 ás
11:11
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2025 11:11:45
Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2025 11:11:52
Luis Bará Torres na data 22/08/2025 11:12:02
Rosana Pérez Fernández na data 22/08/2025 11:12:14
María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2025 11:12:22
Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2025 11:12:29
Mercedes Queixas Zas na data 22/08/2025 11:12:39
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/08/2025 11:12:48



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 11:13:44
Nº Rexistro: 32027
Data envío: 22/08/2025 11:13:44.034

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 11:13:44

CSV: BOPGDSPG-fe4hrYPa-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

